



UNIVERSIDADE
DE VIGO

De seguido infórmolle dos acordos aprobados na sesión extraordinaria da Xunta de Goberno celebrada o día 17 de decembro de 1997 e que poden ser do seu interese:

****Asunto de Profesorado:**

*a modificación do perfil da praza 61/97, da área de Debuxo, onde figuraba "docencia en materias da área" pasa a figurar "docencia en materias audiovisuais".

****Asuntos de Xerencia:**

*a RPT do persoal funcionario para 1997 e prazas comprometidas para 1998, o Plano de traballo sobre estrutura de Bibliotecas e Servizos periféricos, a Proposta de promoción profesional dos funcionarios, e a Productividade de funcionarios para 1998;

*b) a oferta de emprego de 1997 de funcionarios da escala de auxiliares da Universidade de Vigo de 26 prazas;

*a acumulación, á convocatoria de prazas selectivas para o ingreso á escala auxiliar da Universidade de Vigo do 1/8/97, de 26 prazas de conformidade coa base 1.1 da citada convocatoria;

*a delegación no Xerente para propoñer ó Rector a convocatoria de oposicións de promoción interna para os grupos D ó C, C ó B e B ó A e de probas de acceso á escala de Axudantes de Arquivos, Bibliotecas e Museos;

* a creación do posto de Secretario Técnico do Consello Social da Universidade de Vigo, como posto de persoal eventual, relación laboral de Alta Dirección.

****Asuntos do Vicerrectorado de Ordenación Universitaria:**

*o Máster de Xestión e Dirección de Entidades Deportivas, o Curso de Postgrado de Mediación Financeira e o Máster en Creación e Dirección de Empresas;

*a creación dos Departamentos de Pintura, Escultura e Debuxo (na actualidade Dpto. H01 Expresión Artística);

****Asuntos do Vicerrectorado de Investigación:**

*os proxectos de "Deseño e desenvolvemento dun sistema software para a xestión da produción científica desta Universidade baseado en tecnoloxías www" e de "Animación fotorrealística do novo campus universitario de Vigo".

Vigo, 17 de decembro de 1997

O Secretario Xeral,

Xosé Luís Legido Soto

Indícase que estes acordos esgotan a vía administrativa e poden ser impugnados directamente na xurisdicción contencioso-administrativa.

**EQUIPO RECTORAL
EXCMO. SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL
ILMOS./ILMAS DECANOS/AS-DIRECTORES/AS DE TÓDOLOS CENTROS
ILMOS./ILMAS DIRECTORES DE TÓDOLOS DEPARTAMENTOS
SRES./SRAS XEFES DE SERVICIO
SRES./SRAS. XEFES/AS DE ADMINISTRACIÓN DE TÓDOLOS CENTROS
DELEGACIÓN DE ALUMNOS/ALUMNAS
XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO/COMITÉ DE EMPRESA**